

ZAATARI RECIBE Á ESCOLA DE XADREZ DE PONTEVEDRA.



Fonte: <https://eacnur.org/es/actualidad/noticias/eventos/zaatari-de-solucion-temporal-al-campo-mas-grande-de-oriente?amp>

Tras o traballo destes días no campo de refuxiados de Azraq, entramos por primeira vez en Zaatari. Aberto en 2011, é o campamento máis grande de Oriente Medio, acollendo a máis de 80.000 persoas obrigadas a fuxir da guerra en Siria.

Nunha primeira impresión percíbense as dificultades dunha construción acelerada pola emerxencia da situación. O campamento foi instalado en nove días e foi crecendo en diversas etapas desde entón. Azraq abriuse precisamente (en 2014) porque Zaatari estaba totalmente desbordado.

No medio dun deserto e cun control de acceso, Zaatari aseméllase a unha cidade. O que nun principio parecía temporal está a converterse en permanente. Pasou de ter tendas de campaña a refuxios prefabricados, pequenos espazos onde vive unha familia enteira.

A diferenza de Azraq, que se organiza en vilas, Zaatari divídese en distritos. Estes, forman precarios camiños de terra e pedras con “mercados” repletos de pequenos postos nos que se recupera forzosamente o troco.

Unha vez dentro, dividímonos en tres grupos e cada un diríxese a un distrito: 5, 9 e 12. Traballamos nos Centros Makani, que, sen esquecer as limitacións de situarse nun campamento de refuxiados, parécennos un bo exemplo de autogestión. Unicef ofrece

formación e recursos, pero son os propios sirios os que imparten clases e organizan as actividades do centro.



Á marxe da difícil situación que viven as persoas refuxiadas, a sensación que nos levamos destes 3 centros é moi positivo. Como eles mesmos din, son como unha gran familia. O persoal encargado fainos sentir como na casa, participan activamente nas nosas clases, móstranse moi próximos no trato e na axuda que nos prestan...

O alumnado impáctanos tamén, destacando o seu alto nivel de atención e interese e as súas habilidades para resolver os problemas matemáticos que incluímos nos Manuais.

Nas nosas clases atopámonos con alumnado con distintas necesidades de apoio educativo. Se xa a situación das persoas refuxiadas é dura e difícil en xeral, os nenos con discapacidade son aínda máis vulnerables, pois corren un maior risco de ser excluídos. Ante as necesidades en Zaatari, en outubro de 2018 UNICEF abriu o primeiro parque infantil inclusivo para nenos con discapacidades. Foi deseñado e equipado para que os nenos con e sen discapacidades xoguen xuntos. Acorde coa idea dunha escola para todos e todas, introducir o xadrez en Zaatari é unha achega máis, ao ser unha actividade inclusiva, onde todas as persoas poden participar plenamente na aprendizaxe e o xogo.

